

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO
LOCAL CELEBRADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do venres día **VINTESETE DE XULLO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:**
- Acta da sesión extraordinaria de 20 de xullo de 2012
- 1º.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:**
- Acta da sesión extraordinaria de 20 de xullo de 2012

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada o 20 de xullo de 2012

A Sra. Alcaldesa dí que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada o 20 de xullo de 2012

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1º.- Incoación de expediente de legalidade urbanística. Denunciante Alejandro Taboada Taín e denunciado Manuel Taín Matanzas.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda:

Vista a proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno Local, de data 26 de xullo de 2012, que literalmente dí:

“DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril. Reguladora das bases do Réxime Local,

Visto que con data 7 de xuño de 2012 tivo entrada no rexistro deste concello, expediente remitido pola axencia de protección da legalidade urbanística na que se declaran incompetentes para coñecer da denuncia formulada por don Alejandro Taboada Taín en relación á construción dunha nave/almacén para apoio a actividade agrícola e gandeira en solo rústico, sobre unha parcela que non cumpre coa superficie mínima esixida pola LOUGA (3000 M2), nin coa distancia a lindeiros (5 metros). Asimesrno, en dita denuncia, manifestase que a edificación executada non se axusta á licenza concedida no referente ó volume de edificación.

Visto que forma parte do expediente remitido pola APLU a denuncia formulada por don Alejandro Taboada Taín con data rexistro entrada 10 de abril de 2012, á que se adxunta un informe emitido polo mesmo denunciante no que conclúe que a parcela non dispón da superficie necesaria para o cumprimento do artigo 44 da LOUGA e que a licenza concedida é ilegal, así como que a volumetría do inmovible executado non se axusta nin aos condicionantes indicados na licenza nin aos parámetros definidos na LOUGA no referente ás distancias a lindeiros (art, 42)

Visto que se adxunta reportaxe fotográfico da nave construída , así como medición virtual da parcela baseándose nos datos obtidos dos programas on line: Arcgis, Google Earth, Sixpac, y SIU), segundo as que a superficie do terreo oscila entre os 2.581,59 m2 e os 2.847,19 m2, así como certificación descritiva e gráfica dos datos catastrais da parcela referencia catastral 36052S507008310000KD, segundo a cal a superficie desta parcela é de 2600 m2.

Visto que consta un correo supostamente remitido ó denunciante polo técnico municipal don Lino Doporto Framil, así como outros correos provintes de dona Iria Taboada (Non consta autorización das persoas remitentes destes e-mails para facer



públicos os seus correos electrónicos, o que podería constituir unha vulneración do dereito ó segredo das comunicacións e/ou unha infracción da lei de protección dos datos de carácter persoal)

Visto que con data 9 de maio de 2012, don Alejandro Taboada Taín presentou no rexistro deste concello copia da denuncia remitida á APLU

Visto que con data 2 de xaneiro de 2012 concedeuse licenza municipal a don Manuel Taín Matanzas para a construción de un galpón de 12 X 6 metros, na parcela 831, polígono 507, paxaje tras das eiras referencia catastral 36052S507008310000KD, consideración desta obra como obra menor e que entre as condicións xerais para a concesión desta licenza, inclúense:

"C) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20% da superficie do predio (...)

- (...)nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestructuras, de augas e de costas, a altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta(...)

- (...) os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e en ningún caso poderán ser inferiores a cinco metros."

*Visto que na propia licenza faise constar: **"o incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidades en indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de Servicios e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, constructor ou dirección técnica das obras"**.*

Vista a lexislación de aplicación:

- Art. 214.1 da lei 9/2002 de ordeación urbanística e protección do medio rural, modificada por ley 2/2010 sobre a competencia para a adopción de medidas de

reposición da legalidade

- Art. 208 e ss. da LOUGA e disposición transitoria sexta da lei 9/2010

- Artigos 10,49 e seguintes polos que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da lei do solo de Galicia

- Artigo 21.1.s) da lei de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º- Incoar expediente de protección da legalidade urbanística, acordando requerir os servizos técnicos municipais para que procedan a comprobar se a obra xa executada axustase a licenza concedida, en canto ó volumen de edificación e retranqueo ós lindeiros, informando, asimesmo, si as obras executadas serían ou non legalizables e si están ou non totalmente rematadas.

2º- Dar traslado ós servizos xurídicos deste concello do informe emitido polo servizos técnicos a fin de que emitan informe xurídico sobre as actuacións a seguir.

3º. Notificar esta resolución ó denunciante don Alejandro Taboada Taín e ó denunciado don Manuel Taín Matanzas.

4º.- Dar traslado da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre."

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, segundo a proposta da Alcaldesa de 16 de xullo de 2012, por unanimidade dos presentes, acorda:

1º.- Incoar expediente de protección da legalidade urbanística, acordando requerir os servizos técnicos municipais para que procedan a comprobar se a obra xa executada axustase a licenza concedida, en canto ó volumen de edificación e retranqueo ós lindeiros, informando, asimesmo, si as obras executadas serían ou non legalizables e si están ou non totalmente rematadas.

2º.- Dar traslado ós servizos xurídicos deste concello do informe emitido polo servizos técnicos a fin de que emitan informe xurídico sobre as actuacións a seguir.

3º.- Notificar esta resolución ó denunciante don Alejandro Taboada Taín e ó denunciado don Manuel Taín Matanzas.

4º.- Dar traslado da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre."

2º.- DECLARACIÓN MUNICIPAL DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FORA DE ORDENACIÓN TOTAL SEGÚN RECOLLE NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA -EDIFICACIÓN SEN LICENZA DA LEI 2/2010 DE 25 DE MARZO. SOLICITANTE: ISaura GARCÍA VILLAR. OBRA: VIVENDA UNIFAMILIAR NA RÚA MORÓN S/N, SILLEDA.

Visto que por **Dª Isaura García Villar** presentase escrito de data 03 de

febreiro de 2011, Rexistro de Entrada nº 500, de data 04 de febreiro de 2011, solicitando a declaración por parte do Concello de incursión na situación legal de Fora de Ordenación total según se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Morón s/n (Silleda).

Visto que con data 26 de xullo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico urbanístico, por unanimidade dos presentes acorda declarar en situación legal de fora de ordenación total segundo se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, a seguinte edificación:**

<i>Solicitante</i>	<i>Isaura García Villar</i>
<i>Data de rexistro</i>	<i>4/2/2011 Nº RE 500 Data escrito 3/2/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Inscripción no Rexistro de Fóra de Ordenación (D.T.3ª Lei 2/2010)</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa Morón, s/n Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052K503052070000EE (parcela)</i>
<i>Autor da Memoria</i>	<i>Oscar Botana Pérez, Arquitecto Técnico col. PA522</i>
<i>Memoria</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
- 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
- 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes
- 1.17 Instrucción 2/2011, do 12 de abril, para a ampliación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ANTECEDENTES:

1 Vista a disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación as edificacións sen licenza que literalmente se transcribe:

"Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase

ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria deberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."

2 Xúntase coa solicitude a seguinte documentación:

1.1 Declaración responsable suscrita por Isaura García Villar, na que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

"DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que non existe aberto sobre ela ningún expediente de disciplina urbanística."

1.2 Certificado de superficies e antigüidade, suscrito por Oscar Botana Pérez en data 3-febreiro-2011, e no que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

"Descrición da edificación:

A edificación desenvólvese en semisoto, planta baixa e planta baixo cuberta.

A Planta semisoto cunha superficie construída de: 204,65 m²

A Planta baixa cunha superficie construída de: 204,65 m²

A Planta baixo cuberta cunha superficie construída de: 108.39 m²

Na planta baixa a vivenda ten dous porches

Porche 01 cunha superficie de 39,00 m

Porche 02 cunha superficie de 29,45 m²

Polo que a edificación ten un total de 586,14 m² de superficie construída.

A superficie de ocupación en planta sobre o terreo e de 273,10 m².

O volume da vivenda e de 2.031,59, atopándose 1.622,29 sobre rasante

A parcela sobre a que se asenta ten unha superficie de 1195,95 m²

A planta de semisoto distribúese en: Pasillo, Garaxe, Bodega, Escaleras distribuidor, S. Caldeiras, Comedor, Baño e Lavandería.

A Planta Baixa distribúese en: Recibidor, Distribuidor, Cocina - Comedor, Salón, 1 Aseo, 1 Dormitorio con baño e vestidor, 1

Vestíbulo que dá paso a 1 Dormitorio, un baño e un despacho
A Planta Baixa cuberta distribúese en: Escaleiras, Distribuidor, estar,
2 Dormitorios e 1 Baño.

(...) POLO QUE CERTIFICO:

En base os materiais empregados así como as características da construción,
que a edificación ten unha antigüidade maior de 10 anos."

1.3 Certificado de seguridade e solidez suscrito por Oscar Botana Pérez.

1.4 Planos de vivenda e parcela suscritos por Oscar Botana Pérez en data
febreiro de 2011.

1.5 Consulta descriptiva e gráfica do catastro.

1.6 Xustificación da preexistencia dun uso continuado:

1.6.1 Solicitud para construción de vivenda unifamiliar en rua
Morón, (antiga Butano) ante o Concello de Silleda, en data 21-09-
2000.

1.6.2 Carta de pago e autoliquidación a nome de Don Manuel
Colmenero Maril para construción de vivenda unifamiliar de data 01-
02-01.

1.6.3 Póliza de abono para suministro de enerxía eléctrica a nome de
Manuel Colmenero Maril, na dirección A Chouzana, nº 4, Silleda, con
data do 31-11-02.

1.6.4 Recibos da luz da Hidroeléctrica de Silleda, a nome de Don.
Manuel Colmenero Maril e Dona Isaura García Villar dos anos 2002
o 2011.

1.6.5 Escritura de propiedade outorgada por Don Manuel Arca Filloy
e Sara Segade Sanmartín a favor de Manuel Colmenero Maril.

INFORME TÉCNICO:

3 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de
Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola
Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e
Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo
rústico de protección ordinaria.**

4 **Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cos medios á disposición, que
exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador
algún a nome do titular, Isaura García Villar,** sobre unha edificación destinada a
vivenda unifamiliar, situada en Rúa Morón, s/n Silleda - Silleda, con referencia
Catastral nº **36052K503052070000EE (parcela).** Porén, cómpre indicar que cos
medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto
do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por
polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode
verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de

outra persoa.

5 Por outra banda, a xuízo do técnico que subscribe, e salvo mellor interpretación da normativa, a competencia para a protección da legalidade no solo rústico para este tipo de obras, pertencelle á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que se deberá recabar o informe deste organismo no que se exprese que non ten aberto expediente de restauración da legalidade urbanística ou ambiental sobre estas edificacións, antes da entrada en vigor da Lei 2/2010.

6 Canto á xustificación da continuidade do uso das edificacións, emprázase aos servizos xurídicos municipais a fin de que se pronuncien sobre a suficiencia da documentación presentada.

7 Enviada consulta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, con rexistro de saída número 651 de 14.MAR.2012, ésta emite informe o día 28 de maio de 2012 (rexistro de saída nº 3645 de 31 de maio de 2012) segundo o que **"non consta a adopción de medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística en relación coas obras citadas no parágrafo anterior, sen prexuízo de significarlle que as medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística te en carácter "ob rem", polo que a non existencia de estas a nome dunha persoa física ou xurídica non implica a inexistencia de estas en relación cós citados bens inmobles"**.

3º.- DECLARACIÓN MUNICIPAL DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FORA DE ORDENACIÓN TOTAL SEGÚN RECOLLE NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA-EDIFICACIÓN SEN LICENZA DA LEI 2/2010 DE 25 DE MARZO. SOLICITANTE: PABLO MEIJOMÍN FIDALGO. OBRA: GRANXA DE PORCOS EN MEIXOMENCE, Nº 6 - SILLEDA.

Visto que por **Dº Pablo Meijomín Fidalgo** preséntase escrito de data 10 de marzo de 2011, Rexistro de Entrada nº 1100, de data 16 de marzo de 2011, solicitando a declaración por parte do Concello de incursión na situación legal de Fora de Ordenación total según se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, dunha granxa de porcos sita en Meixomence, nº 6 - Silleda.

Visto que con data 26 de xullo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico urbanístico,**

por unanimidade dos presentes acorda declarar en situación legal de fora de ordenación total segundo se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, a seguinte edificación:

<i>Solicitante</i>	<i>Pablo Meijomín Fidalgo</i>
<i>Data de rexistro</i>	<i>16/3/2011 N° RE 1100 Data escrito 10/3/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Inscripción no Rexistro de Fóra de Ordenación (D.T.3ª Lei 2/2010)</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Meixomence, nº 6, Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052A035004440000KR (parcela)</i>
<i>Autor da Memoria</i>	<i>Oscar Botana Pérez, Arquitecto Técnico col. PA522</i>
<i>Memoria</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981

- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
- 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
- 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes
- 1.17 Instrucción 2/2011, do 12 de abril, para a ampliación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ANTECEDENTES:

1 Vista a disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación as edificacións sen licenza que literalmente se transcribe:

"Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria deberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de

solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."

2 Xúntase coa solicitude a seguinte documentación:

1.1 Declaración responsable suscrita por Pablo Meijomín Fidalgo, na que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

"DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que non existe aberto sobre ela ningún expediente de disciplina urbanística."

1.2 Certificado de superficies e antigüidade, suscrito polo arquitecto técnico D. Oscar Botana Pérez en data 3-febreiro-2011, e no que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

"A edificación desenvólvese en planta baixa con dous anexos.

A Planta baixa conta cunha superficie construída de: 500,74 m²

O Anexo 01, con uso Almacén conta cunha superficie construída de: 18,22 m²

O Anexo 02, con uso Galiñeiro conta cunha superficie construída de: 9,73 m²

Polo que a edificación ten un total de 528,69 m² de superficie construída.

A superficie de ocupación en planta sobre o terreo e de 528,69 m².

O volume da edificación e de 2038,30m³, atopándose toda ela sobre rasante.

A parcela sobre a que se asenta ten unha superficie de 2.067,00 m²

1.3 POLO QUE CERTIFICO:

En base os materiais empregados así como as características da construción, que a edificación ten unha antigüidade maior de 15 anos."

1.4 Certificado de seguridade e solidez suscrito por Oscar Botana Pérez.

1.5 Planos de vivienda e parcela suscritos por Oscar Botana Pérez en data Marzo 2011.

1.6 Consulta descriptiva e gráfica do catastro.

1.7 Xustificación da preexistencia dun uso continuado:

1.7.1 Consulta descriptiva e gráfica do Catastro da parcela.

1.7.2 Decreto de concesión provisional de licencia a nome de José Costoyas Seijas para "granxa porcina 22 cerdas ciclo completo" de data 18-10-1976.

1.7.3 Carta de pago a nome de José Costoyas Seijas, da concesión da granxa porcina con data 21-10-1976.

1.7.4 Carta do Concello de Silleda para José Costoyas Seijas para recoller a licencia provisional de apertura de granxa porcina, que ti a

solicitada, e abonar as taxas correspondentes, de data 19-10-1976.

1.7.5 Inscripción da explotación Porcina no Ministerio de Agricultura (Xefatura Provincial de Producción Animal) de data 15-10-1976 e con rexistro de saída do Ministerio nº 2209 e data do 21-10-1976, consta tamén a autorización de dito Ministerio para instalación de explotación porcina de data 06-10-1976.

1.7.6 Solicitud de José Costoyas Seijas para facer a visita das instalacións o Ministerio de Agricultura, e así procer o informe definitivo, de data 02-04-1979.

1.7.7 Carta da Xunta de Galicia, Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación (Xefatura Provincial de Sanidade Agopecuaria de Pontevedra) onde se fan recomendacións sanitarias o gandeiro, con data de saída do 30-01-1984.

1.7.8 Escritura de compraventa a nome de Pablo Meijomín Fidalgo.

INFORME TÉCNICO:

3 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico de protección ordinaria**.

4 **Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún a nome do titular, Pablo Meijomín Fidalgo**, sobre unha edificación destinada a granxa porcina, situada en Meixomence, nº 6, Silleda - Silleda, con referencia Catastral nº **36052A035004440000KR** (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

5 Por outra banda, a xuízo do técnico que subscribe, e salvo mellor interpretación da normativa, a competencia para a protección da legalidade no solo rústico para este tipo de obras, pertencelle á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que se deberá recabar o informe deste organismo no que se exprese que non ten aberto expediente de restauración da legalidade urbanística ou ambiental sobre estas edificacións, antes da entrada en vigor da Lei 2/2010.

6 Canto á xustificación da continuidade do uso das edificacións, emprázase aos servizos xurídicos municipais a fin de que se pronuncien sobre a suficiencia da

documentación presentada.

7 Enviada consulta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, con rexistro de saída número 651 de 14.MAR.2012, ésta emite informe o día 28 de maio de 2012 (rexistro de saída nº 3646 de 31 de maio de 2012) segundo o que **"non consta a adopción de medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística en relación coas obras citadas no parágrafo anterior, sen prexuízo de significarlle que as medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística te en carácter "ob rem", polo que a non existencia de estas a nome dunha persoa física ou xurídica non implica a inexistencia de estas en relación cós citados bens inmobles"**.

4º.- DECLARACIÓN MUNICIPAL DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FORA DE ORDENACIÓN TOTAL SEGÚN RECOLLE NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA -EDIFICACIÓN SEN LICENZA DA LEI 2/2010 DE 25 DE MARZO. SOLICITANTE: Mª CARMEN REY VALLADARES. OBRA: VIVENDA UNIFAMILIAR E CAFETERÍA EN A CRUZ, Nº 16 - CHAPA - SILLEDA.

Visto que por **Dª María del Carmen Rey Valladares** preséntase escrito de data 04 de marzo de 2011, Rexistro de Entrada nº 1109, de data 16 de marzo de 2011, solicitando a declaración por parte do Concello de incursión na situación legal de Fora de Ordenación total según se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, dunha vivenda unifamiliar e cafetería sita no lugar de A Cruz, nº 16 - Chapa - Silleda.

Visto que con data 26 de xullo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, visto o **informe técnico urbanístico**, por unanimidade dos presentes **acorda declarar en situación legal de fora de ordenación total segundo se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, a seguinte edificación:**

<i>Solicitante</i>	<i>María del Carmen Rey Valladares</i>			
<i>Data de rexistro</i>	<i>16 Marzo</i>	<i>Nº RE</i>	<i>1109</i>	<i>Data escrito</i> <i>4 Marzo</i> <i>2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Inscripción no Rexistro de Fóra de Ordenación (D.T.3ª</i> <i>Lei 2/2010)</i>			



<i>Emprazamento</i>	<i>A Cruz nº 16 Chapa. Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052C501000770000TD</i>
<i>Autor da Memoria</i>	<i>Oscar Botana Pérez, Arquitecto Técnico col. PA522</i>
<i>Memoria</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

1.17 Instrucción 2/2011, do 12 de abril, para a ampliación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ANTECEDENTES:

1 Vista a disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación as edificacións sen licenza que literalmente se transcribe:

"Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria haberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."

2 Xúntase coa solicitude a seguinte documentación:

2.1 Declaración responsable suscrita por Maria del Carmen Rey Valladares, na que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

"DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que non existe aberto sobre ela ningún expediente de disciplina

urbanística."

2.2 Certificado de superficies e antigüidade, suscrito por Oscar Botana Perez en data 4 de Marzo do 2011, e no que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

A Planta baixa conta cunha superficie construída de: **185,65 m²**

Dentro desta planta atópanse 3 usos diferenciados:

Garaxe cunha superficie de 33,00 m²

Vivenda cunha superficie de 20,65 m²

Cafetería cunha superficie de 132,00 m²

A Planta alta, con uso **vivenda** conta cunha superficie construída de: **152.65 m²**

Polo que a edificación ten un total de 338,30 m² de superficie construída.

A superficie de ocupación en planta sobre o terreo e de 185,65 m².

O volume da edificación e de 1.313,80m³, atopándose toda ela sobre rasante.

A parcela sobre a que se asenta ten unha superficie de 1568,00 m²

Distribución:

A Planta Baixa uso garaxe contén unha única estancia.

A Planta Baixa uso vivenda distribúese en: Zagüan exterior, Recibidor, Rocho e Bloque de escaleiras.

A Planta Baixa uso cafetería distribúese en: Local - zona de público, local - zona de barra, cuarto do teléfono, cociña, almacén, vestíbulo e 2 aseos.

A Planta Alta distribúese en: Recibidor, Cociña, Estar-Comedor, Galería, Distribuidor, 4 Dormitorios, un deles con Baño e un Baño independente.

"POLO QUE CERTIFICO:

En base os materiais empregados así como as características da construción, que a edificación ten unha antigüidade maior de 15 anos."

2.3 Certificado de seguridade e solidez suscrito por Oscar Botana Perez.

2.4 Planos de vivenda e parcela suscritos por Oscar Botana Perez en data 4 Marzo 2011.

2.5 Consulta descriptiva e gráfica do catastro.

2.6 Escritura de propiedade da parcela.

2.7 Xustificación da preexistencia dun uso continuado:

2.7.1 Consulta descriptiva e gráfica da Parcela, así como da edificación.

2.7.2 Solicitude a nome de María del Carmen Rey Valladares para cambio de titularidade de local dedicado a Bar, ante o Concello de Silleda.

2.7.3 Modelo 845 (I.A.E.) da Agencia Tributaria a nome de Maria del Carmen

Rey Valladares con data de inicio do 16-01-2003 de actividad ubicada en Chapa.

2.7.4 Factura de abonado a Canal Satélite Digital a nome de Francisco Rey Valladares con enderezo Chapa, 36540 - Silleda, con data Marzo 1999.

2.7.5 Factura da luz de Hidroeléctrica de Silleda a nome de Javier Rey Valladares, con período de lectura do 04/12/98 a 05/02/99.

2.7.6 Factura de Telefónica Móviles a nome de Javier Rey Valladares, con data de emisión do 01-09-1999.

INFORME TÉCNICO:

